

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de maio de 2007

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

9934 *REAL DECRETO 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación. («BOE» 118, do 17-5-2007.)*

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece nos seus artigos 18 e 24 que, cando se confirme a existencia dunha enfermidade de declaración obrigatoria ou suxeita a restricións intracomunitarias ou internacionais ou se declare oficialmente a extinción dunha enfermidade, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación procederá a comunicarlles, na forma e prazos establecidos, tal incidencia ás autoridades sanitarias da Unión Europea, así como a países terceiros e organismos internacionais con que se concertase tal eventualidade.

O Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación, dálle cumprimento ao disposto na Directiva 82/894/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Comunidade, e ás obrigas que España ten como país membro da Organización Mundial de Sanidade Animal.

O Comité Internacional da Organización Mundial de Sanidade Animal, decidiu en maio de 2005 crear unha lista única de enfermidades de declaración obrigatoria, suprimíndose as anteriores listas A e B, así como modificar os criterios e os períodos para a notificación destas enfermidades, e incluír a obriga de remitir informes semestrais sobre a situación sanitaria dos países membros. Por iso é preciso modificar o Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, co obxecto de adaptalo ao novo sistema de notificación de enfermidades da Organización Mundial de Sanidade Animal.

Razóns de seguranza xurídica, dado o alcance das modificacións a introducir no Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, aconsellan a aprobación dun novo real decreto.

Esta disposición foi sometida a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 11 de maio de 2007,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a determinación das enfermidades dos animais suxeitas a declaración obriga-

toria no ámbito de España, da Unión Europea e da Organización Mundial de Sanidade Animal, así como os requisitos para a súa notificación.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán aplicables as definicións contidas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Tamén son aplicables as definicións contidas no capítulo 1.1.1 do Código sanitario para os animais terrestres da Organización Mundial para a Sanidade Animal, e no capítulo 1.1.1 do Código sanitario para os animais acuáticos da devandita Organización Mundial, estando dispoñibles ambos os dous códigos en español na páxina web www.oie.int.

2. Así mesmo, entenderase como foco primario calquera foco que non garde relación desde o punto de vista epizootiolóxico cun foco anterior comprobado na mesma provincia, ou ben a primeira aparición noutra provincia diferente.

Artigo 3. *Declaración oficial e comunicación semestral das enfermidades dos animais.*

1. As autoridades competentes realizarán a declaración oficial das enfermidades dos animais que figuran no anexo I.

2. A dita declaración realizarase de forma inmediata en caso:

a) Da aparición por primeira vez en España, nunha zona ou nun compartimento, dunha enfermidade ou infección dunha das enfermidades que figuran no anexo I.

b) Da reaparición dunha enfermidade ou infección que figuran no anexo I despois de declarar que se extingira o foco.

c) Da aparición por primeira vez de calquera cepa nova dun axente patóxeno dunha das enfermidades que figuran no anexo I.

d) Do aumento repentino e inesperado da distribución, a incidencia, a morbilidade ou a mortalidade dunha das enfermidades que figuran no anexo I.

e) De calquera enfermidade emerxente cun índice de morbilidade ou mortalidade importante, ou con posibilidades de ser unha zoonose, aínda que non se encuentre comprendida no anexo I.

f) Calquera cambio observado na epidemioloxía dunha das enfermidades que figuran no anexo I, incluído un cambio de hóspede, de patoxenicidade ou de cepa, especialmente se pode ter repercusións zoonóticas.

3. As autoridades competentes procederán, para os efectos informativos, a realizar unha comunicación semestral sobre as enfermidades que se recollen no anexo I.

Artigo 4. *Comunicación ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.*

1. Efectuada a declaración oficial das enfermidades animais recollidas no anexo I, as autoridades competentes comunicaranlla ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Gandaría, para os efectos da coordinación das medidas que se deberán adoptar e para a súa notificación á Organización Mundial de Sanidade Animal e, no caso das enfermidades incluídas no anexo I.A, para a súa notificación tamén á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

2. A dita notificación deberase producir de forma inmediata unha vez que se produza a declaración oficial en caso de que se dea algunha das circunstancias descritas no artigo 3.2 ou que se trate dun foco primario das enfermidades incluídas no anexo I.A, achegando todos os datos que

se inclúen no anexo II. Semanalmente enviarase a información que figura no anexo III, ata a extinción do foco. Estes datos serán subministrados por focos individualizados.

No caso da peste porcina clásica, ademais, a información facilitada aterase aos datos que figuran no anexo IV, e o antes posible enviarase un informe de acordo cos datos que figuran no anexo V.

Así mesmo, notificarase inmediatamente a extinción dos focos de enfermidade, de acordo cos datos previstos no anexo VI.

3. As autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Gandaría, unha comunicación semestral da situación sanitaria no seu respectivo ámbito territorial respecto das enfermidades recollidas no anexo I, a través de dous informes anuais, un correspondente ao primeiro semestre do ano en curso antes do 15 de xullo de cada ano, e o correspondente ao segundo semestre do ano antes do 15 de xaneiro do ano seguinte, para efectos da súa notificación á Organización Mundial de Sanidade Animal e da coordinación das medidas que se deban adoptar.

Artigo 5. Notificación á Comisión da Unión Europea, aos Estados membros e á Organización Mundial de Sanidade Animal.

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Gandaría, notificaralles á Comisión da Unión Europea e aos demais Estados membros:

a) Antes das vinte e catro horas desde a recepción dos datos que correspondan:

1.º O foco primario das enfermidades que figuran no anexo I.A que fosen declaradas no territorio nacional.

2.º A supresión, logo de extinción de último foco, de restricións que se aplicasen como resultado de aparición de enfermidades que figuran no anexo I.A.

b) O primeiro día laborable de cada semana, os focos secundarios das enfermidades que figuran no anexo I.A que fosen declaradas no territorio nacional. A notificación cubrirá cada semana que remata a media noite do domingo precedente á notificación.

Estas notificacións incluírán as informacións que figuran no anexo II.

No caso da peste porcina clásica, a información facilitada aterase aos datos que figuran no anexo IV, e o antes posible enviarase un informe de acordo cos datos que figuran no anexo V.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Gandaría, notificará inmediatamente á Organización Mundial de Sanidade Animal a información sobre a declaración oficial que as autoridades competentes realicen de calquera das enfermidades que figuran no anexo I, en caso de que se dean algunha das circunstancias descritas no artigo 3.2. Así mesmo, notificaráselle á devandita organización a extinción dos focos achegando os datos que figuran no anexo VI.

Semanalmente enviarase a información que figura no anexo III, ata a extinción do foco ou que a enfermidade se faga endémica.

Semestralmente remitiráselle á Organización Mundial de Sanidade Animal a información que, sobre as enfermidades que figuran no anexo I, remitan as autoridades competentes de conformidade co disposto no artigo 4.3.

3. As notificacións conterán as informacións requiridas polos cuestionarios que establece a Organización Mundial de Sanidade Animal.

Disposición adicional única. Animais adscritos aos ministerios de Defensa e do Interior.

En relación cos animais adscritos aos ministerios de Defensa e do Interior e os seus organismos públicos, aplicarase o disposto na disposición adicional terceira da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Queda derogado o Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento interno a Directiva 82/894/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. Facultade de desenvolvemento e modificación.

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto.

2. Así mesmo, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos anexos deste real decreto, para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria ou os cambios que introduza a Organización Mundial de Sanidade Animal, ou por motivos urxentes de sanidade animal.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de maio de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Enfermidades

A. Enfermidades de declaración obrigatoria na Unión Europea

Enfermidades comúns a varias especies:

Lingua azul ou febre catarral ovina.
Febre aftosa.
Febre do Val do Rift.
Peste bovina.
Estomatite vesicular.

Enfermidades dos bovinos:

Encefalopatía esponxiforme bovina.
Dermatose nodular contaxiosa.
Peripneumonía contaxiosa bovina.

Enfermidades dos ovinos e caprinos:

Peste dos pequenos ruminantes.
Varíola ovina e caprina.

Enfermidades dos súidos:

Peste porcina clásica.
Peste porcina africana.

Encefalomielite enterovírica porcina (antes denominada enfermidade de Teschen).

Enfermidade vesicular porcina.

Enfermidades das aves:

Influenza aviaria de alta patoxenicidade.
Enfermidade de Newcastle.

Enfermidades dos équidos:

Peste equina africana.
Durina.

Encefalomielite equina (todas as variedades, incluídas a encefalomielite equina venezolana).

Anemia infecciosa equina.
Mormo.

Enfermidades dos peixes:

Anemia infecciosa do salmón.
Necrose hematopoética infecciosa.
Septicemia hemorráxica viral.

Enfermidades das abellas:

Aethinose (pequeno escaravello da colmea. *Aethina tumida*).

Tropilaelapose (*Tropilaelaps* spp.).

B. *Outras enfermidades de declaración obrigatoria en España*

1. Enfermidades comúns a varias especies:

Carbúnculo bacteridiano.
Rabia.
Triquinose.

2. Enfermidades dos bovinos:

Brucelose bovina.
Tuberculose bovina.
Leucose enzoótica bovina.

3. Enfermidades dos ovinos e caprinos:

Epididimite ovina (*Brucella ovis*).
Brucelose ovina e caprina (non debida a *Brucella ovis*).

Agalaxia contaxiosa.
Prurigo lumbar (scrapie).

4. Enfermidades dos súidos: mal vermello.

5. Enfermidades das aves: influenza aviaria de baixa patoxenicidade.

6. Enfermidades das abellas: loque americana.

7. Outras enfermidades: enfermidade hemorráxica epizoótica dos cervos.

C. *Outras enfermidades obxecto de comunicación semestral. As enfermidades incluídas na lista única da Organización Mundial de Sanidade Animal, que non figuran nas listas A e B deste anexo, son as seguintes*

1. Enfermidades comúns a varias especies:

Enfermidade de Aujeszky.
Equinococose/hidatidose
Cowdriose (heartwater).
Leptospirose.
Febre Q.
Paratuberculose.

Míase por *Cochliomyia hominivorax*.

Míase por *Chrysomya bezziana*.

Tularemia.

Encefalite xaponesa.

Estomatite vesicular.

Febre do Nilo Occidental.

Febre hemorráxica de Crimea-Congo.

2. Enfermidades dos bovinos:

Anaplasmose bovina.

Babesiase bovina.

Campilobacteriose xenital bovina.

Cisticercose bovina.

Dermatofilose.

Septicemia hemorráxica.

Rinotraqueíte infecciosa bovina/vulvovaxinite pustular infecciosa.

Teileriose.

Tricomonose.

Tripanosomíase.

Febre catarral maligna.

Diarrea viral bovina.

3. Enfermidades dos ovinos e caprinos:

Artrite/encefalite caprina.

Pleuropneumonía contaxiosa caprina.

Aborto enzoótico de ovellas (clamidiose ovina).

Enfermidade de Nairobi.

Salmonelose (*Salmonella abortus ovis*)

Maedi-visna.

4. Enfermidades dos équidos:

Metrite contaxiosa equina.

Linfaxite epizoótica.

Gripe equina (virus tipo A).

Piroplasmose equina.

Rinopneumonía equina.

Varíola equina.

Arterite viral equina.

Sarna equina.

Surra (*Trypanosoma evansi*).

5. Enfermidades dos súidos:

Rinite atrófica do porco.

Cisticercose porcina.

Brucelose porcina.

Gastroenterite transmisíbel.

Síndrome disxenésica e respiratoria porcina.

Encefalite por virus Nipah

6. Enfermidades das aves:

Bronquite infecciosa aviar.

Laringotraqueíte infecciosa aviar.

Tuberculose aviar.

Hepatite viral do parrulo.

Enterite viral do parrulo.

Rinotraqueíte do pavo.

Cólera aviaria.

Varíola aviaria.

Tifose aviar (*Salmonella gallinarum*).

Bursite infecciosa (enfermidade de Gumboro).

Enfermidade de Marek.

Micoplasmose (*M. gallisepticum*).

Micoplasmose aviar (*Mycoplasma synoviae*).

Clamidiose aviaria.

Pulorose (*Salmonella pullorum*).

7. Enfermidades dos lagomorfos:

Mixomatose.

Enfermidade hemorráxica viral do coello.

8. Enfermidades dos peixes:

Iridovirose da dourada xaponesa
 Viremia primaveral da carpa.
 Necrose hematopoética epizoótica.
 Herpesvirose da carpa.
 Virose do bagre de canle.
 Encefalopatía e retinopatía virais.
 Necrose pancreática infecciosa.
 Síndrome ulcerante epizoótica.
 Renibacteriose (*Renibacterium salmoninarum*).
 Septicemia entérica do bagre (*Edwardsiella ictaluri*).
 Piscirickettsiose (*Piscirickettsia salmonis*).
 Xirodactilose (*Gyrodactylus salaris*).

9. Enfermidades das abellas:

Acaripiose das abellas.
 Loque europea.
 Nosemose das abellas.
 Varroose.

10. Enfermidades dos moluscos:

Infección por *Candidatus xenohaliotis californiensis*.
 Bonamiose (*Bonamia ostreae*, *Bonamia exitiosus*).
 Marteiliose (*Marteilia refringens* e *Marteilia sydneyi*).
 Haplosporidiose (*Haplosporidium nelsoni*, *Haplosporidium costale*).
 Perkinsose (*Perkinsus marinus*, *Perkinsus olseni*/
atlanticus).
 Microquitose (*Mikrocytos mackini*, *Mikrocytos roughleyi*).
 Mortalidade viral dos abalóns.

11. Enfermidades de crustáceos:

Síndrome de Taura.
 Enfermidade das manchas brancas.
 Enfermidade da cabeza amarela.
 Baculovirose tetraédrica (*Baculovirus penaei*).
 Baculovirose esférica (*Baculovirus* de tipo *Penaeus monodon*).
 Necrose hipodérmica e hematopoética infecciosa.
 Praga do cangrexo de río (*Aphanomyces astaci*).
 Virose mortal dos xenitores.

12. Outras enfermidades: leishmaniose e varíola do camelo.

ANEXO II**Comunicación da enfermidade**

1. Comunidade Autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla.
2. Provincia afectada.
3. Municipio afectado.
4. Enfermidade que se sospeita e, de ser o caso, tipo de virus.
5. Data de aparición do primeiro animal enfermo ou sospeitoso.
6. ¿Trátase dun foco primario ou secundario?
7. Número de foco.
8. Número de referencia correspondente ao foco.
9. Coordenadas xeográficas da situación do foco.
10. Data de sospeita do foco (se se coñece).
11. Data estimada da primeira infección.
12. Número de explotacións afectadas.
13. Especies afectadas.
14. Por cada foco ou explotación, no caso de existiren varias explotacións afectadas nun mesmo foco, cómpre especificar os seguintes datos agrupados por especies en bovinos, porcinos, ovinos, caprinos, aves de

curral, équidos, peixes, especies silvestres e outras especies.

a) Censo da explotación. No caso das enfermidades das abellas débese facilitar o número de colmeas expostas.

b) Número de animais clinicamente afectados. No caso das enfermidades das abellas débese facilitar o número de colmeas clinicamente afectadas.

c) Número de animais mortos.

d) Número de animais sacrificados.

e) Número de animais destruídos.

f) Número de canais destruídos.

15. Data prevista de finalización das operacións de sacrificio de animais.

16. Data prevista de finalización das operacións de destrución.

17. Data de confirmación da enfermidade.

18. Método de diagnóstico usado.

19. Centro que realizou as probas e deu a conformidade.

20. Medidas de control adoptadas.

21. Distancias a outras explotacións susceptibles.

22. Orixe da enfermidade.

23. En caso de animais procedentes doutro Estado membro ou doutra comunidade autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla, data e hora de expedición e Estado ou comunidade ou cidades de Ceuta e Melilla de orixe.

24. En caso de que existan outras provincias da mesma ou distinta comunidade autónoma ou das cidades de Ceuta e Melilla que estean afectadas por restricións, cómpre especificalas.

En caso de confirmarse en explotacións ou zonas autorizadas ou exentas, de conformidade co Real decreto 1882/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables á posta no mercado de animais e produtos da acuicultura, as infeccións de necrose hematopoética infecciosa, anemia infecciosa do salmón e septicemia hemorráxica viral deberán notificarse como focos primarios. O nome e a descrición da explotación ou zona autorizada deberán incluírse.

ANEXO III**Información semanal**

Semana de a..... do mes do ano.....

Comunidade Autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla:

Provincia:

Municipio:

Enfermidade diagnosticada:

Foco número:

Especies afectadas:

Evolución do foco:

Censo das explotacións, por especie:

Número de animais afectados, por especie:

Número de animais mortos por especie:

Número de animais sacrificados, por especie:

Número de animais destruídos, por especie:

Número de canais destruídos, por especie:

Medidas de control adoptadas:

Prognóstico sobre a evolución do foco:

ANEXO IV**Información complementaria en caso de peste porcina clásica**

1. Data en que se empezou a sospeitar a existencia de peste porcina clásica.

2. Data en que se confirmou a peste porcina clásica; métodos utilizados para a devandita confirmación.

3. Localización da explotación infectada e distancia á cal se atopan as explotacións de porcino máis próximas.

4. Número de porcos e categoría de porcos (cría, engorda, leitóns*) na explotación.

5. Por cada categoría de porcos (cría, engorda, leitóns*), número de porcos nos cales se comprobou a existencia de peste porcina clásica e grao de mortalidade da enfermidade.

6. Se a enfermidade non tivo lugar nunha explotación, indicación da súa posible confirmación nun mata-doiro ou nun medio de transporte.

7. Confirmación en casos primarios (**) en xabarís.

* Leitóns: animais con menos de tres meses de idade, aproximadamente.

** Por «casos primarios» en xabarís entenderanse os casos que teñan lugar en zonas exentas, é dicir, fóra das zonas suxeitas a restricións por causa de peste porcina clásica en xabarís.

ANEXO V

Informe da peste porcina clásica

1. Data en que se maten e destrúan os porcos da explotación.

2. En caso de que se recorra á excepción prevista no artigo 6 do Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica, o número de porcos que se maten e destrúan e o número de porcos cuxo sacrificio se atrase, así como o prazo previsto para levar a cabo o devandito sacrificio.

3. Calquera información referente á posible orixe de enfermidade ou referente á orixe da enfermidade cando esta se poida determinar.

ANEXO VI

Extinción do foco

Comunidade Autónoma ou cidades de Ceuta e Melilla:

Provincia:

Municipio:

Enfermidade declarada:

Data de declaración:

Foco número:

Data de extinción:

Data de levantamento de restricións:

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

10020 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. («BOE» 119, do 18-5-2007.)*

Advertidos erros no Real decreto 504/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 13, do 1 de maio de 2007, procédese a efectuar as oportunas rectificacións: